

AZOS CONSUMIBLES



“Atopei en Internet moita información sobre as actividades de reciclaxe de cartuchos de tónor para impresoras e profundicei en revistas especializadas”

Ignacio Andía Rubio

Datos básicos

Actividade:	Reciclaxe de tóners e venda de consumibles
Sector de actividade	Actividades de reciclaxe e ambientais
Nº empregados	1
Inversión inicial	42.070 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con 12.000 € en fondos propios dos promotores e un préstamo de 30.000 €.
Web:	www.azosconsumibles.com
Municipio:	Burela, Lugo
Ano creación:	2000

Descrición do proxecto

A actividade fundamental é o reciclaxe de cinta matricial, cartucho de chorro de tinta e tónor para impresoras láser.

Ademais, posto que necesitaba estar nun local comercial, aproveitei para ofrecer ademais outros produtos que os meus propios clientes me estaban a demandar. Dedícome polo tanto ao reciclaxe de cartuchos para impresoras e á comercialización, tanto ao por maior como ao detalle, de consumíbeis para oficina (CDs, material de papelería, ...)



Datos empresa

Claves do éxito

As claves son:

- a necesidade
- o carácter innovador
- ofrecer un produto diferenciado

Situación actual

A día de hoxe non só seguimos no negocio como recicladores senón que ademais subministramos maquinaria e tecnoloxía ó sector do reciclado grazas ó noso acordo de distribución para o mercado español e portugués dos produtos da empresa TB ACESSORIOS DO BRAZIL.

Perfil cliente

- Institucións públicas da zona de Burela.
- Empresas: xestorías e todo tipo de empresas de Burela, principalmente PEMES, así como distribuidores.
- Particulares.



Idea inicial

Aínda que soe estrano, a orixe da miña idea foi a fame. É unha expresión un pouco irónica pero en realidade a idea xurdíume cando rematei o meu contrato laboral e as condicións de renovación non me interesaban. Busquei outra opción e comecei a recompilar información a través de varias fontes. Atopei en Internet moita información sobre as actividades de reciclaxe de cartuchos de tóner para impresoras e profundicei en revistas especializadas. E contrastei a rendibilidade desta actividade. Comezamos mercando a un reciclado, vimos o que custaba e confirmamos que nós o podíamos facer dada a información que obtiveramos.

Principales dificultades y amenazas futuras

Vencer as reticencias do mercado ao desconecido, posto que a tecnoloxía do reciclado existe e é fiable.

Perfil promotores

Ignacio Andía é diplomado en Empresariais. A empresa conta con socio máis. Con trinta e dous anos, crean a súa propia empresa de reciclaxe de cartuchos e venda de consumibles.

Aptitudes necesarias

Dito en ton de humor, pero tan certo como a realidade; o fundamental é ter fame.



Guía de Actividad

Reciclaxe de consumibles ofimáticos (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
Saír do desemprego

Dirixir persoas e organizacións

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si, formación universitaria.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?

Si, é ademais o primeiro paso para desenvolver con éxito un proxecto.

Anecdotalio

Non dispoñible

